

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 43167 (10/PNC-003476)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.2 46317 (10/PNC-003723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental que está a xerar a xestión actual dos residuos gandeiros procedentes das granxas intensivas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 1.3 47728 (10/PNC-003858)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 1.4 47944 (10/PNC-003878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia á Oficina Agraria Comarcal de Lugo do persoal necesario reflectido na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019



- 1.5 48326 (10/PNC-003910)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co plan estratéxico de subvencións establecido na Lei 9/2007, así como os criterios seguidos para o establecemento de convenios cos concellos no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 1.6 50195 (10/PNC-004062)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia específica para dotar o rural galego das infraestruturas, equipamentos e servizos necesarios co fin de facilitarlles ás persoas a vida nel, atendendo especificamente a situación das mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión

Daniel
Vega
Pérez

Firmado digitalmente por
Daniel Vega Pérez
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@p
arlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.06.19 17:48:54
+02'00'



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 19/06/2019 17:48:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/06/2019 17:57:46
Nº Rexistro: 15817
Data envío: 19/06/2019 17:57:46.938

CSV: REXISTRO9TOJ2WRR69
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 43167(10/PNC-003476)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43167
Data envío: 11/01/2019 14:28:04.291

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A normativa que regula as Denominacións de Orixe Protexidas/Indicacións Xeográficas Protexidas é o *Regulamento (UE) 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de novembro de 2012 sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios*, que establece unha ampla protección para os nomes rexistrados como DOP ou IXP.

Os produtos de calidade galegos teñen un estrito proceso de produción e transformación para que chegue ao consumidor final nas mellores garantías. Por iso non podemos permitir que esa imaxe de calidade se vexa danada por ningún tipo de prácticas fraudulentas.

A nosa Comunidade conta coa Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, que representa máis do 64% do volume total de produción de mel certificada en España. Trátase dun produto de excelente calidade, cuxa materia prima se obtén na nosa comunidade e así vén reflectido na súa etiquetaxe.

Pero o certo, é que a crecente importación de mel de países nos que a seguridade alimentaria non é tan esixente, e que se atopa no mercado mesturada con mel da Unión Europea e baixo unha etiquetaxe legal, colocan un produto de baixa calidade de maneira que non se pode diferenciar, o cal motiva que os produtores galegos de mel poñan novamente de relevancia a importancia da etiquetaxe, como elemento de garantía e comunicación cos propios consumidores.

Por iso, os apicultores galegos demandan mais controis e cambios que diferencien as súas producións fronte ás doutros países, co obxecto de que os consumidores identifiquen claramente a orixe do mel que mercan e levan aos seus fogares.

Ademais, en Galicia tamén contamos con excelentes viños de calidade, distribuídos nas cinco Denominacións de Orixe (Ribeiro, Valdeorras, Rias Baixas, Ribeira Sacra e

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-V7DSJ7UKK-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43167
Data envío: 11/01/2019 14:28:04.291

Monterrei) e as IXP do viño de Betanzos, Barbanza e Iria, e Val do Miño, que tamén poderían verse prexudicados.

Mesmamente, hai situacións neste sector nas que tamén se producen situacións fraudulentas cando se vende viño de mesa ou a granel con nome galego ou elaborado por adegas galegas pero con uva de Castela, o cal prexudica aos viticultores galegos.

Desde o Grupo Popular defendemos a completa transparencia no etiquetado de produtos alimentarios, co fin de dar a coñecer ao consumidor a procedencia destes alimentos e as características que o conforman.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- 1.- A que solicite ao Ministerio o aumento dos controis sobre a venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial.
- 2.- A que dentro da área de promoción da calidade impulse os mecanismos adecuados de control para a protección e comercialización dos produtos agroalimentarios galegos con selos de calidade diferenciada".

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/01/2019 14:23:02

Moisés Blanco Paradelo na data 11/01/2019 14:23:11

Raquel Arias Rodríguez na data 11/01/2019 14:23:29

Carlos Gómez Salgado na data 11/01/2019 14:23:36

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2019 14:23:44

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/01/2019 14:23:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Registro: 43167
Data envío: 11/01/2019 14:28:04.291

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2019 14:24:02

Rosa Oubiña Solla na data 11/01/2019 14:24:13

CSV REGISTRO-V70S7rUOK-5
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46317(10/PNC-003723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental que está a xerar a xestión actual dos residuos gandeiros procedentes das granxas intensivas

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:54:23
Nº Rexistro: 46317
Data envío: 14/02/2019 10:54:23.730

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planificación que desde o ano 91 fai gala o PP a través dos sucesivos gobernos e dos titulares de consellerías vencelladas ó rural leváronnos a unha drástica e perigosa diminución de explotacións familiares ben dimensionadas e con base territorial dabondo para asegurar unha rendibilidade a proba de vaivéns, unha fixación de poboación necesaria e un impacto medioambiental discreto e asumible. Isto no sector leiteiro é preocupante nalgúns zonas, pero nos sectores avícola e porcino intensivos é dramático.

A situación medioambiental en determinadas zonas, provocada por ese modelo altamente intensivo de granxas e animais, vólvese nalgúns casos insostible dando proba diso as analíticas de augas e de solos con saturación de nitratos, de fosfatos, de metais pesados e mesmo de antibióticos.

Nalgúns destas zonas a presión é tal que a comarca non é quen de asimilar tanto residuo gandeiro xerando un problema de saúde pública e de política medioambiental.

CSM-REXISTRO-yklMmejMir-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:54:23
Nº Registro: 46317
Data envío: 14/02/2019 10:54:23.730

A xestión de residuos das granxas intensivas pode estar ligada á terra segundo unha normativa europea, pero esta ligazón debera ter un control e un seguimento e do mesmo xeito debera haber tamén control e seguimento do estado das terras e das augas nestas comarcas con saturación de explotacións deste tipo.

O caso é que A Limia e O Deza sen seren as únicas, presentan un grave problema de xestión de xurros ó que é preciso dar unha solución adecuada e satisfactoria cos sectores afectados evitando así que esta situación dane gravemente outros sectores agrogandeiros que coexisten con estes. Ignora-lo problema non fai máis ca agravalalo.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

-Faga un seguimento, nas comarcas de alta densidade de granxas intensivas principalmente porcinas, da situación das augas, das terras e da xestión que se fai actualmente dos residuos gandeiros.

-Conforme, de xeito urxente, unha Mesa representativa con todo este sector para estuda-las alternativas posibles a esta situación alarmante.

-Recabados eses datos, feitos públicos e acordar as solucións de urxencia e alternativas posibles, presente un plan de rexeneración e de recuperación das zonas máis afectadas, nesta Comisión 7ª.

CSX: REGISTRO-ydImeJMr-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:54:23
Nº Registro: 46317
Data envío: 14/02/2019 10:54:23.730

-Coma medida cautelar conxele as licencias para a instalación de novas granxas deste tipo nas comarcas máis afectadas.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 10:50:35

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 10:50:40

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 10:50:42

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 10:50:44

CSV REGISTRO-yMImeJMr-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:54:23
Nº Registro: 46317
Data envío: 14/02/2019 10:54:23.730

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 10:50:45

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 10:50:47

CSX REGISTRO-XMIMGJMr-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47728(10/PNC-003858)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril en Galicia

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:10:19
Nº Rexistro: 47728
Data envío: 13/03/2019 18:10:19.776



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de EN MAREA, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril.

Exposición de motivos

A tuberculose é unha enfermidade que afectou no ano 2014 a preto de 5.000 persoas inda que as persoas coa inmunidade comprometida son máis propensas a sufrila.

A tuberculose é unha enfermidade crónica causada pola infección do complexo “*Mycobacterium tuberculosis*”, endémico no xabaril e no cervo. A tuberculose causa unha de cada tres mortes no caso do xabaril que actúa como reservorio da mesma xunto cos cérvidos.

Estudos realizados confirman o nivel de prevalencia da tuberculose no 60% na especie do xabaril. Algún destes estudos realizados en Galicia datan do ano 2008 co que se fai necesario realizar un censo e un estudo epidemiolóxico con data do ano 2019, que estude tanto a incidencia da tuberculose como outras enfermidades nas que algunhas das variables estudadas foron o incremento da enfermidade debido ao incremento da especie, maior bolsa de caza debido a unha abundancia na poboación, xa que esta garda estrita relación coas altas taxas de infección por tuberculose. A caza pois, é unha ferramenta de xestión sanitaria útil nestes caso, pois permite a extracción de exemplares enfermos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:10:19
Nº Rexistro: 47728
Data envío: 13/03/2019 18:10:19.776



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.


Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2019 17:58:13

Antón Sánchez García na data 13/03/2019 17:58:23

Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 17:58:38

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2019 17:58:45



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47944(10/PNC-003878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia á Oficina Agraria Comarcal de Lugo do persoal necesario reflectido na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:01
Nº Rexistro: 47944
Data envío: 20/03/2019 11:07:01.855

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Comarcal Agraria de Lugo esmorece por falta de persoal, situación que non é única no País pero que neste caso é moi grave pola extensión e poboación que atende.

Segundo explica a Xunta de Persoal Funcionario da Xunta de Galicia na provincia de Lugo nunha carta enviada ó Conselleiro de Medio Rural, ó director xeral da Función Pública e ó delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Nela esíxese a dotación urxente do persoal que foi cesando e que está pendente de substitución.

Desde xuño de 2018 a Oficina Comarcal de Lugo está atendida unicamente por un técnico e máis un administrativo, faltando por cubrir os postos de 2 técnicos e 1 administrativo que cesaron.

Esta oficina atende 6 concellos (Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Portomarín e Guntín) con máis de 7300 explotacións, un un volume de máis de 6000 persoas, de 1500 expedientes e arredor de 5ME en axudas públicas.

Esta carencia trae consigo retrasos nas tramitacións administrativas e nas certificacións, causando graves perdas e malestar no sector agrario da área de Lugo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:01
Nº Rexistro: 47944
Data envío: 20/03/2019 11:07:01.855

Esta situación so é entendible se se enmarca dentro dunha política de desmantelamento do medio rural galego e nunha transferencia ás empresas privadas de asesoramento e tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a que dote de forma urxente do persoal necesario á Oficina Comarcal Agraria de Lugo do persoal necesario recollido na RPT de Medio Rural para que se poida prestar un servizo público adecuado e de calidade que redunde no beneficio do sector agrario da área de Lugo.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres


Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:01
Nº Rexistro: 47944
Data envío: 20/03/2019 11:07:01.855

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 11:03:31


María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 11:03:35

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 11:03:37

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 11:03:38

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 11:03:39

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 11:03:41



CSV_CUJSE7AL8
Verificación
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 48326(10/PNC-003910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co plan estratéxico de subvencións establecido na Lei 9/2007, así como os criterios seguidos para o establecemento de convenios cos concellos no ano 2018

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) A Consellería do Medio Rural elabore e publique no prazo máximo de tres meses o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería, segundo establece a Lei 9/2007, do 9 de xuño, de subvencións de Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:51:39
Nº Registro: 48326
Data envío: 29/03/2019 12:51:39.187

2º) Publique, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados pola Consellería de Medio Rural para o establecemento de convenios cos concellos galegos durante o exercicio 2018.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:


Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2019 12:49:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2019 12:49:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/03/2019 12:49:53

Raúl Fernández Fernández na data 29/03/2019 12:50:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2019 12:50:08



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 50195(10/PNC-004062)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia específica para dotar o rural galego das infraestruturas, equipamentos e servizos necesarios co fin de facilitarlles ás persoas a vida nel, atendendo especificamente a situación das mulleres

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Enquisa de Fecundidade do Instituto Nacional de Estatística alertou fai pouco de que Galicia é o territorio do Estado coa porcentaxe máis pequena de mulleres menores de 30 anos que deciden ter fillos, o 6,5%, case a metade da media de España.

Os motivos que as mulleres galegas aducen para non ter fillos ata pasada a trintena son os seguintes:

- Por problemas de índole laboral, como falta de cartos ou problemas de conciliación (23%).
- Porque non queren ser nais (16%).
- Porque son demasiado novas (21%).

Os motivos que as mulleres galegas apuntan para ter menos fillos dos desexados son semellantes:

- Por razóns económicas (21%).
- Por problemas de conciliación (27%)





Así mesmo, o 41% das galegas informa de que formou unha familia máis tarde do desexado por razóns económicas e de conciliación.

No rural, hai aínda menos mulleres que decidan ter fillos, en gran medida porque moitas delas prefiren trasladarse a zonas máis urbanas antes de formar unha familia.

Segundo o estudo “Caracterizacións das migracións do rural galego”, escrito por Rocío Toxo Asorei e Ana Isabel García-Arias, o 88% das mulleres entre 25 e 29 anos que residen en zonas con escasa densidade poboacional deciden emigrar cara espazos máis urbanos, fronte ao 64% dos homes. Fano, sobre todo, para ter un mellor acceso aos servizos públicos, como os colexios e os hospitais.

Así, os datos demostran que, en contra do que leva tempo defendendo o Partido Popular, esta non é a lexislatura do rural. Non o pode ser mentres non se teña en conta ás mulleres que o habitan.

Ao expulsar ás mulleres do rural, a Xunta de Galicia contribúe a baleirar aínda máis o noso territorio.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia específica para dotar das infraestruturas, equipamentos e servizos necesarios o rural galego para facilitar que as persoas que así o desexen poidan facer as súas vidas no rural galego, atendendo especificamente a situación das mulleres.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2019 12:46:22
Nº Rexistro: 50195
Data envío: 28/05/2019 12:46:22.453



Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 12:42:27

Antón Sánchez García na data 28/05/2019 12:42:36

David Rodríguez Estévez na data 28/05/2019 12:42:42



CSX: REXISTROF:MIW60mN7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>